

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 08 DE XUÑO DO 2023.
(Corporación en funcións, art. 194 LOREG, art. 39 ROF, Eleccións Locais 28/05/2023)**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente en funcións: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros en funcións que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros en funcións que non asisten:</p> <hr/>
--	---

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Oito de Xuño do Dous mil vinte e tres, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 01/06/2023

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202306/047

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 05/06/2023. DECRETO: "DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN CONVOCADA PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ESCOLA DE DEPORTES NÁUTICOS DE AGUIÑO""

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202306/049



Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 05/06/2023. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO), MANTEMENTO E LIMPEZA DE ASEOS QUÍMICOS PORTÁTILES PARA INSTALAR NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2023””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202306/050

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 05/06/2023. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DENOMINADO “SENDA PEATONAL EN COROSO””

5.- EXPEDIENTE DE CADUCIDADE.

LICENZA DE OBRA Nº 745/2006

ACORDO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL 7 DE DECEMBRO DE 2006.

LICENZA DE OBRAS: Nº 745/2006

OBXECTO: CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO COLECTIVO DE TRES (3) SOTOS, PLANTA BAIXA E SETE (7) PLANTAS ALTAS PARA 152 VIVENDAS EN TOTAL

PROMOTOR: SAREB S.A. (inicialmente Gestión Urbanística Gallega)

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

I ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO:-Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día **7 de decembro de 2006** na que por unanimidade concedese á entidade Gestión Urbanística Gallega, S.L. **licenza de obras nº 745/06** para construción de edificio colectivo de tres (3) sotos, planta baixa e sete (7) plantas altas para 152 vivendas en total, no lugar de Cubeliños s/n, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A008010400001LP.

A condición décima das xerais da licencia nº 745/2006, fixa como prazo máximo para o comezo das obras o período de seis meses, dispoñendo en correlación coa condición primeira das especiais, que o prazo máximo para o remate das obras será de tres anos.

SEGUNDO:- Adquisición pola entidade SAREB S.A da finca por título de aportación social o día 9 de xullo de 2013.

TERCEIRO:-Informe emitido polo **arquitecto municipal** D Óscar Pidre Mosquera con sinatura dixital o día **26 de xaneiro de 2023** co seguinte tenor literal:

“

(...)

INFORME DE INSPECCIÓN

Exp.: 2021 DISU000007



O xefe de servizo de Urbanismo mandou inspeccionar o estado da edificación sita No Lugar de Cubeliños, s/n, polo que
Informo,

1. ANTECEDENTES

Proxecto de execución de edificio de vivendas de outubro de 2006.

Acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de decembro de 2006, concedendo Licenza de obras para a construción dun edificio de vivendas no Lugar de Cubeliños, co número de expediente 745/2006, cun prazo de execución de 24 meses.

Autorización de Cambio de titularidade de licenza de obras co número de expediente 745/2006, concedida por acordo de xunta de goberno local celebrada o 21 de xaneiro de 2008.

Concesión de prórroga de prazo de execución por 24 meses, concedida por acordo de xunta de goberno local celebrada o 11/06/2009.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase sobre o resultado da inspección realizada á parcela de referencia con data 24.01.2022 e a súa situación urbanística.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, en adiante LOE

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Inspección da obra

Na visita de inspección, realizada ás 15:10 horas do día 18.01.2022 recolléronse os seguintes datos:

- Referencia catastral da parcela: 15074A008010400001LP
- Non foi posible acceder ao interior do inmovible
- Tipo de Obra: Construción de Edificio de vivendas.

O estado das obras apreciase nas seguintes imaxes realizadas durante a inspección:




Compróbase que se encontra construído, aproximadamente, unha terceira parte da superficie do soto e forxado de planta baixa, e as obras se encontran en estado de abandono.

Consta no expediente un informe de maio de 2018, no se fai constar que naquela data, as obras encontrábanse nunha fase de execución equivalente á actual, e a parcela sen edificar se encontraba anegada de auga.

4.2. Normativa urbanística

A parcela onde se está a realizar a obra atópase en solo urbano (S.U.), segundo o PXOM de Ribeira, no seu plano 3.11, de Clasificación e calificación do solo e aliñacións en núcleos urbáns (Santa Uxía), a escala E:1/2000.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.



A ordenanza 1. do PXOM, ten a denominación de “Residencial intensiva colectiva en mazá”, artigo 150 do PXOM.

En dita normativa establécense os parámetros urbanísticos cunha parcela mínima de 100 m², un fondo máximo de 18 m en plantas de pisos, e de 25 m en planta baixa; unha ocupación da parcela do 100%, en sotos.

No caso que nos compete, e unha vez revisado o proxecto de execución referido, a edificación excede o fondo máximo permitido nas plantas de pisos.

Ademais, no caso de tentar adaptar a edificación ás normativas en vigor, sería obxecto dunha modificación da licenza, tendo en conta que tanto o Código Técnico da Edificación, coma o Decreto de habitabilidade de vivendas de Galicia, inclúen unha serie de prescricións ca edificación, tal e como estaba proxectada inicialmente, non cumpriría estas normativas

5. CONCLUSIÓNS

Polo tanto, á vista das consideracións expostas infórmase que **procede**:



- As obras encóntranse en estado de abandono desde hai anos, polo que o prazo de execución concedido (incluso ca prórroga concedida no ano 2009, encóntrase finalizado).
- As obras, para adecuarse ás normativas vixentes, requirirían dunha modificación ou nova licenza, e algúns dos aspectos contemplados no proxecto licenciado, non cumprirían as normativas urbanísticas municipais.
- Proceder iniciar trámite de declaración de caducidade da licenza, o que extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras se non se solicita e obtén unha nova axustada á ordenación urbanística en vigor.

O arquitecto municipal
Óscar Pidre Mosquera
(documento asinado dixitalmente)

(...)

“

CUARTO:-Como consecuencia do anterior ditase pola Alcaldía o **Decreto de data 31 de xaneiro de 2023**, mediante o que se incoaba **expediente de caducidade** da licenza de obra nº 745/2006 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, co seguinte tenor literal:

“
(...)

PRIMEIRO.- Incoar expediente de caducidade da licenza de obras nº 745/06 outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de decembro de 2006 da que actualmente é titular a entidade SAREB S.A., por título de aportación social o día 9 de xullo de 2013, para construción de edificio colectivo en parcela con refª catastral nº 15074A008010400001LP no lugar de Cubeliños s/n, Ribeira, ao transcurrir amplamente o prazo de execución das mesmas.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado, entendendo como tal á entidade SAREB S.A, concedéndolles audiencia por un prazo de 15 días hábiles co obxecto de que poida alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estime pertinentes, en aplicación da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Comunicar á entidade interesada que contra o acordo de incoación do expediente de caducidade da licenza de obra, por ser un acto de trámite, non cabe recurso ningún, podendo o interesado unicamente, segundo a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, alegar a súa oposición ó mesmo para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento.

(...)

“QUINTO:-En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, prácticouse a notificación do Decreto de incoación de expediente de caducidade da licenza de obra nº 745/2006 p á entidade SOCIEDAD GESTION ACTIVOS REESTRUCTURACIÓN BANCARIA S.A. con data día **10 de febreiro de 2023**, emprazándose aos interesados para o trámite de audiencia, e a data da emisión da presente non se presentou alegación algunha.



II
LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Os artigos 142 e 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os artigos 351 e 359 do regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- O artigo 61.1.ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Ordenanzas municipais.

III
CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO. A caducidade é a extinción da eficacia da licenza motivada polo **incumprimento dos prazos fixados** no acto de outorgamento imputable ao interesado (debido á inactividade do mesmo unida ao paso do tempo).

O efecto que produce a caducidade dunha licenza é a **imposibilidade de iniciar, ou no seu caso, de continuar a actividade edificatorio** (quedan excluídas desta prohibición as obras iniciadas ou ordenadas coa finalidade de garantir a seguridade das persoas e os bens ou o valor da edificación xa realizada).

SEGUNDO. As licenzas outorgaranse por un prazo determinado tanto para iniciar como para finalizar os actos amparados polas mesmas.

Os prazos para a iniciación e finalización das obras computaranse desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza.

No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.

A **caducidade será declarada pola administración municipal tras o procedemento con audiencia ao interesado.**

TERCEIRO. É consolidado o criterio xurisprudencial (Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de maio de 1989, por todas) en virtude do cal que **a caducidade das licenzas nunca opera de modo automático**, pois se require dun acto declarativo, na medida en que vén truncar una situación favorable para o administrado, non creada pola licenza, senón preexistente nel, como titular potencial dun dereito subxectivo «*o ius edificandi*».



Di así a citada Sentencia «O instituto da caducidade das licenzas Municipais debe acollerse con cautela, con criterios de flexibilidade, moderación e restrición, tendo en conta que a caducidade impide o exercicio de auténticos dereitos adquiridos, debendo apreciarse a caducidade da licenza restrictivamente, conforme ao carácter deste acto e aos principios xerais desta técnica interventora, favorecedores da situación Xurídica do particular».

A declaración de caducidade **extinguirá os efectos da licenza**. Una vez notificada a caducidade da licenza, **as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén una nova licenza** axustada á ordenación urbanística en vigor.

En tanto non sexa outorgada, **non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade** das persoas e bens e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde de execución por parte do concello.

CUARTO. O **procedemento** para levar a declaración de caducidade da licenza urbanística é o seguinte:

A. Posto en coñecemento deste Concello o transcurso dos prazos da licenza urbanística e emitido informe polos **Servizos Técnicos Municipais** comprobando os feitos comunicados, os termos da licenza outorgada e a situación na que se atopan as obras na actualidade, por Resolución de Alcaldía decidírase sobre a incoación do expediente de declaración de caducidade.

O órgano competente para resolver pode adoptar medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento dos actos de uso do solo ou do subsolo autorizados pola licenza, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

B. Durante a instrución do procedemento **darase audiencia ao interesado** para que durante un prazo de **[entre dez e quince días]** poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

C. Finalizado o trámite de audiencia e tendo en conta as alegacións que poida formular o interesado, **o Alcalde resolverá a declaración de caducidade da licenza urbanística**, ao ser o órgano competente para o outorgamento da mesma conforme ao artigo 61.1.ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e ao artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. A resolución deberá **notificarse ao interesado** nun prazo de seis meses desde a notificación da iniciación do procedemento, transcorrido o cal este caducará e deberán archivarase as actuacións, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, quedando sen efecto as medidas provisionais que se adoptaron.

O procedemento será arquivado no caso de que se xustifique a irregularidade que motivou a súa iniciación, e procédase de inmediato a iniciar ou finalizar as obras en prazo razoable a xuízo do órgano competente, agás que se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento.

QUINTO:-No presente expediente o departamento de urbanismo do Concello de Ribeira levou a cabo actuacións previas de inspección para coñecer as circunstancias do estado da **edificación sita no lugar de Cubeliños s/n, Ribeira**, que actualmente se atopa anegada de auga e en **estado de abandono**, polo que atendendo ao disposto pola Lei 2/2016, de 10 de



febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e da investigación realizada resultan como probados os seguintes feitos:

a) A edificación se encontra construída, unicamente nunha terceira parte da superficie do soto e forxado de planta baixa, e as obras se encontran en estado de abandono.

b) A edificación que nos ocupa incumple parámetros urbanísticos tales como son, o fondo máximo permitido na ordenanza de aplicación así como o número de plantas entre outros.

c) Actualmente a edificación vulnera a normativa urbanística en vigor, polo que require dunha modificación ou nova licenza de obra, para adaptar a normativa varios parámetros urbanísticos anteriormente mencionados que non cumpren a normativa urbanística en vigor.

d) En base ao anterior proceder incoar trámite de declaración de caducidade da licenza, o que finalmente extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin proseguirse as obras se non se solicita e obtén unha nova axustada á ordenación urbanística en vigor.

IV ACORDO:

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de conformidade co previsto no artigo 61.1.ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Por iso, **visto** o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 01/06/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Declarar a **caducidade da licenza de obras nº 745/06** outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de decembro de 2006 da que actualmente é titular a entidade **SAREB S.A.**, por título de aportación social o día 9 de xullo de 2013, para construción de edificio colectivo en parcela con refª catastral nº 15074A008010400001LP no lugar de Cubeliños s/n, Ribeira, ao transcurrir amplamente o prazo de execución das mesmas.

SEGUNDO.- A declaración de caducidade extingue os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciarse nin proseguirse se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Mentres non sexa outorgada, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, logo de autorización ou orde de execución por parte do concello

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado, entendendo como tal á entidade SAREB S.A.



6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 24.05.2023:

5430	03.03.2023	MARÍA JOSÉ BARRAL BRETAL, repicar hastiales y fachada, posterior pintado, en Bretal.
5437	03.03.2023	BENIGNO MAYO ROMAY, pintado exterior de la vivienda, rúa Batiola, Castiñeiras.
5341	02.03.2023	JOSÉ SAMPEDRO VILAS, limpeza de tejado y paredes exteriores de vivienda, en Camiño da Auga, 14, Castiñeiras.
5535	03.03.2023	MIGUEL ANGEL MUÑÍZ CAMPAÑA, cambio de ventana en rúa da Feira, 2-4ºF, Ribeira.
5621	06.03.2023	JORGE MANUEL ABAD LUSTRES, arreglo desagüe del baño en rúa Méndez Núñez, nº 2-2º-B, Ribeira.
5736	06.03.2023	ANGEL PÉREZ OUTEIRAL, lavado y pintado de edificio situado en rúa Cervantes esquina rúa Manzanares, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 27.04.2023:

5804	07.03.2023	FRANCISCA MARTÍNEZ BRETAL, reparación de muro, en Teira, 4, Corrubedo.
5777	07.03.2023	MANUEL SIEIRA VILAR, pintar fachadas de vivienda en rúa dos Curros, 53, Castiñeiras.
5759	07.03.2023	FRANCISCO JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ, cierre de finca frontal y lateral en Insuela, 72, Palmeira.
5644	06.03.2023	SANTIAGO TOMÉ VIDAL, reparar muro en Bretal, 304, Olveira.
5876	07.03.2023	ANGEL PÉREZ OUTEIRAL, lavado y pintado de fachadas en rúa Romero Ortiz, 43, Ribeira.
6199	10.03.2023	ANTONIO M. MARTÍNEZ FILGUEIRA, restauración de muro de piedra, en Vixán, 67.
6161	10.03.2023	Mª BEATRIZ BRIÓN MOS, muro de cachote en Vilar, 21, Carreira.

7.- LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA E AMPLIACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR: RÚA DAS AMÉRICAS, 41, AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTORA: Mª ÁNGELES AYASO MONTEAGUDO

VISTOS os escritos presentados por **Dna. Mª Angeles Ayaso Monteagudo**, rexistrados de entrada os días **10 de marzo e 23 de 2023**, (Rexistros de entrada nº 6.233 e 12.503 respectivamente), mediante os que solicita **licenza de obras** para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa na Rúa das Américas nº 41, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8784108MH9088S0001AP, achegándose **Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de marzo de 2023** así como Plano H-02 xustificación de accesibilidade redactados por D. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451).

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo **arquitecto municipal** D. Óscar Pidre Mosquera o día **24 de maio de 2023**.



VISTO o informe emitido polo Técnico de Administración Xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llano Orosa de data **24 de maio de 2023**.

VISTO o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación en data **1 de xuño de 2023**

CONSIDERANDO que no expediente non se acredita desestimento nin renuncia sobre a licenza xa concedida (licencia nº 14/22, acordo de Xunta de Goberno Local de 5 de maio de 2022) e, polo tanto en vigor ó día de hoxe.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Considerar a renuncia tácita efectuada por **Dna. Dna.Mª Angeles Ayaso Monteagudo** en relación á licencia 14/22, aprobada pola Xunta de Goberno Local de 5 de maio de 2022 e ós únicos efectos de considerar concluído o devandito expediente, e sen prexuízo de declarar válidos todos os actos executados ó abeiro da devandita licenza e que en aras ó principio de conservación de actos previsto no artigo 51 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, procedese.

SEGUNDO:- **CONCEDER** a Dna. María Ángeles Ayaso Monteagudo licenza urbanística (Nº 24/23) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Rúa das Américas nº 41, Aguiño, Ribeira, en parcela en parcela con refª catstral nº 8784108MH9088S0001AP, nos termos do **Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de marzo de 2023** así como Plano H-02 xustificación de accesibilidade redactados por D. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451).

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
 - *Acta de recepción de edificio terminado.*
 - *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
 - *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*
- Todo elo sen prexuízo do disposto na Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, en canto á posibilidade de substituír a licenza de primeira ocupación polo réxime de comunicación previa.*



QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira.



Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

8.- LICENZA PARA CONSERVACIÓN DE CUBERTA DUN EDIFICIO ADICADO A RESTAURANTE NO CAMPING DE COROSO. LOCALIZACIÓN: RÚA COROSO Nº 61, PALMEIRA RIBEIRA. PROMOTOR: CAMPING COROSO S.L.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **CONSERVACIÓN DE CUBERTA DUN EDIFICIO ADICADO A RESTAURANTE NO CAMPING DE COROSO, RÚA COROSO Nº 61, PALMEIRA RIBEIRA**, e do que é promotor a entidade **CAMPING COROSO S.L.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** que obran no expediente, en particular o emitido con data 17 de marzo de 2032 pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Delegación



Territorial da Coruña), con data 23 de maio de 2023 polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación, con data 7 de xuño de 2023 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e con data 8 de xuño de 2023 polo secretario xeral da Corporación.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Conceder á entidade **CAMPING COROSO S.L.** licenza urbanística (**Nº 25/23**) para **CONSERVACIÓN DE CUBERTA DUN EDIFICIO ADICADO A RESTAURANTE NO CAMPING DE COROSO, RÚA COROSO Nº 61, PALMEIRA RIBEIRA** (Proxecto Técnico: OBRAS DE CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO DE LA ENVOLVENTE EXTERIOR DEL EDIFICIO DE SALAZÓN DE COROSO, redactado pola arquitecta Sofía Santos Blanco en novembro do 2022).

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos*



Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

9.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Restaurantes McDonald’s, S.A.U.

Visto o escrito presentado por Francisco Javier Curros Neira en representación **Restaurantes McDonald’s, S.A.U.**, de datas 9 e 29/08/2022 (Rexistros de entrada nº 14.963 e 15.995), nos que solicita información urbanística en relación á calificación e clasificación urbanística de dúas parcelas ubicadas no Polígono de Xarás, Polígono 3 Parcela 1042 con referencias catastrais 15074A003010420001LX e 15074A003010420000KZ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Arquitecta Técnica Municipal, Nuria Morgade Pouso, de data 04/05/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.01.DATOS DA PERSOA/S SOLICITANTE/S:

Nome/razón social: Restaurantes McDonald’s SAU

01.02. DATOS DA PERSOA/S REPRESENTANTE/S:

Nome/razón social: Francisco Javier Curros Neira

02.DATOS DA PARCELA

Localización: Lgar. de Xarás Polígono 3 Parcela 1042

Ref. Catastral: 15074A003010420001LX e 15074A003010420000KZ

Ref. Rexistral:

Plano do PXOM: Planos nº 3.4 e 3.6 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0505 do PBA

03.NORMATIVA APLICABLE



- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en adiante, LEPARG.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia,
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de Edificación (LOE).
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, en adiante LC.
- Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, en adiante RC.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, en adiante POL.
- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, en adiante TRLA.
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas, en adiante RDPH.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, en adiante LEG.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en adiante LPCG.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 42/2007, do 13 de novembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación dos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Código Técnico da Edificación, (CTE) aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo; coas modificacións introducidas.
- Real Decreto 1371/2007, de 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico “DB-HR Protección fronte ó ruído” do CTE e se modifica o Real Decreto 314/2006,
- Real Decreto 1675/2008 de 17 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 1371/2007,
- Orde de VIV/984/2009, de 15 de abril, pola que se modifican determinados documentos básicos do CTE e o Real Decreto 1371/2007 de 19 de outubro,
- Real Decreto 173/2010, de 19 de febreiro, polo que se modifica o CTE en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade,
- Real Decreto 410/2010 de 31 de marzo, polo que se desarrollan os requisitos esixibles ás entidades



de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, para el exercicio de súa actividade,

-Orde FOM/1635/2013, de 10 de setembro, pola que se actualiza o Documento Básico DB-HE "Aforro de Enerxía", do CTE.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

04.INFORME

04.01.Réxime urbanístico:

Na parcela concorren dúas clasificacións de solo:

04.01.01. Parcela Este

A parte Este da parcela atópase clasificada como **solo urbano de Ordenanza 6.3 (Tipo A) – Residencial extensiva unifamiliar aislada (art. 157)**, segundo o PXOM de Ribeira (Plano nº 3.4).

A restante superficie da parcela atópase en solo rústico.

De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da LSG apdo. 2 a), nun PXOM non adaptado á Lei 9/2022, ao solo urbano que reúna os requisitos do disposto no art. 17 a) da LSG, aplicaráselle o disposto na LSG para o **solo urbano consolidado**.

A continuación transcríbese o tenor literal da ordenanza 6.3 (Tipo A)

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: *Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.*

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación



2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m².

Tipo B: 1.000 m².

Tipo C: 1.000 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m²

Tipo B: 0,4 m²/m²

Tipo C: 0,4 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

